

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 12

TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA

Artigo 1º.- Concepto

De acordo co previsto no artigo 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na nova redacción dada polo artigo 66 da Lei 25/1998, do 31 de xullo, este Concello establece a taxa polo subministro municipal de auga, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º.-Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do servizo público regulamentado nesta ordenanza os que se beneficien do servizo municipal de subministro de auga, dende o momento en que se inicie a prestación do servizo.

Artigo 3º.-Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias do servizo de subministro de auga, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.-Responsábeis.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Tarifas:

Mínimo ata 20 m3 bimestre: 2,52 €

De 20 a 40 m3 bimestre: 0,35 €/ m3

A partir de 40 m3 bimestre: 0,55 €/ m3

Conservación contador 0,40 €

Conservación acometida 1,00 €

Fíxase unha taxa de 45,00 euros pardas novas autorizacións de acometida á rede xeral de abastecemento

Artigo 6º Xestión e cobranza

A obriga de pago desta taxa nace desde o momento en que se inicia a prestación do servizo. A taxa liquidarase bimestralmente salvo que por causa xustificada a Xunta de goberno local decida variar os períodos de liquidación, a decisión será publicada no taboleiro de editos do concello e nos puntos empregados habitualmente polo Concello en todas as parroquias. O non pago do recibo significa a renuncia ao servizo. En calquera caso as débedas derivadas da taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento, conforme ao Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 7º .-Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final:

A presente ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Vilasantar, 20 de xaneiro de 2011

A alcaldesa

Manuela García Freire